



A TÚA CIDADE

BREVE VISIÓN HISTÓRICA DE NARONTERRA SEGUNDO DIVERSOS TRABALLOS DO HISTORIADOR NARONÉS ANDRÉS PENA GRAÑA.

6º O SÉCULO XIII

A principios da centuria, Afonso VI de Galicia e IX de León funda no Mar de Xuvia as villas de Ferrol e Neda, que se desenvolven rapidamente, xunto a unha pequena Graña que, doada polos "Petriz" ao Císter, tiña en Brión o mosteiro de Sobrado.

Dos netos do conde de Galicia don Pedro Froilaz (fillos de D. Bermudo Pérez e Tareixa Bermúdez): Froila Rodríguez e Aldena Núñez, Gonzalo Rodríguez e Berenguela, e o cruzado de Xerusalén D. Melendo Rodríguez, xurdirán en Trasancos unha serie de familias, orgullosas da súa liñaxe estritamente emparentadas entre si, na maioría dos casos ligadas a un topónimo: son os Ferrol, os Andrade; os Lago; os Piñeiro, os Tenreiro; os Esquíu, os Baleeiro (Valerios), os Besteiro (Ballester) etc., conformándose así o mosaico da fidalguía local, unha das máis importantes de España, relacionada e reemparentada entre si a través dunha política matrimonial entre primos cruzados

O pouco éxito destas familias nas continuas reclamacións á coroa para recuperar os seus mosteiros de Pedroso e Xuvia, compénsano instalando nos ditos mosteiros dinastías de priores das súas familias. Por este procedemento, mediante contratos de foro a cambio de simbólicos canons anuais, reverte pouco a pouco ás mans destas casas fidalgas a enorme base territorial monástica de San Martiño e San Salvador.